



Concello do Porriño

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO PORRIÑO E O CÍRCULO RECREATIVO E CULTURAL DO PORRIÑO PARA O ANO 2024**

Expte. Dixital 1472/2024

### **REUNIDOS NA DATA EXPRESADA NA MARXE:**

Dunha parte, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, co D.N.I. nº 76907670-V na súa condición de alcalde-presidente do Concello do Porriño, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime Local (*artigo 61.1.a*) da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e artigo 21.1.b) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. (*artigo 21 redactado polo apartado 1 do artigo primeiro da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local*)

Doutra,  
Don Abel Gallego Rodríguez, con D.N.I. 35564374 A Presidente do Círculo Recreativo e Cultural do Porriño con CIF G36026961 en virtude de nomeamento aprobado pola Asemblea Xeral ordinaria celebrada o 29/01/2023, actuando no seu nome e representación, como interlocutor válido ante as institucións e organismos oficiais, públicos e privados.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente convenio.

E acordan o seguinte,

### **TÍTULO I**

#### **DISPOSICIÓNS XERAIS**

#### **ARTIGO 1. Obxecto e vixencia do convenio.-**

##### **a) Obxecto:**

De conformidade co art. 25.2.m) da Lei 7/85 do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, é competencia deste Concello a promoción da cultura.

Ambas entidades son conscientes da actividade cultural que desenvolve o Círculo, entidade pioneira dende a súa fundación, na difusión e promoción deste tipo de actividades para satisfacer as iniquedanzas da veciñanza do municipio.

Polo que, Concello e Círculo pretenden xuntar esforzos e formalizar o presente convenio acadando o desenvolvemento positivo das actividades culturais programadas conxuntamente.

Para o desenvolvemento destas actuacións e actos culturais ambas entidades colaborarán na programación, tendo lugar nas instalacións do Círculo.





Concello do Porriño

Estas actuacións e actos terán lugar durante todo o ano, segundo calendario programático cultural/festivo do Concello.

Para isto, o Círculo aportará, cando así sexa requirido, as instalacións do seu salón principal, o persoal organizador e os servizos comúns necesarios para o bó desenvolvemento das actividades.

### **Vixencia:**

Os gastos derivados das accións promovidas deberánse desenvolver ao longo do actual exercicio orzamentario 2024, sen lugar a prórroga, establecéndose como data límite para a presentación da conta xustificativa o día 4 de decembro, polo que as facturas e demais acreditación que integren esta conta serán emitidas durante o presente ano 2024.

## ***TÍTULO II***

### **BENEFICIARIO.- DEREITOS E OBRIGAS.**

#### **ARTIGO 2. Dereitos e Obrigas do beneficiario.**

O Círculo terá dereito a acadar e obter en todo momento o apoio e a colaboración da entidade local na realización da actividade ou proxecto que se subvenciona (permisos, autorizacións, licencias, etc.).

Son obrigas do beneficiario:

1. Aceptar a subvención. En caso de que isto non sexa posible deberá renunciar a ésta de forma expresa e motivada, no prazo de quince días, dende a sinatura do convenio.
2. Cumprir o proxecto ou actividade que fundamentou a concesión da subvención.
3. Cumprir todas as condicións, así como a realización da actividade e finalidade que determine a concesión da subvención.
4. Someterse as actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, aportando canta información sexa requirida no exercicio destas actuacións e que estean relacionadas coa concesión da subvención.
5. Dar conta ao Concello das modificacións que poidan xurdir na realización do proxecto, xustificándoas adecuadamente.
6. Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como sexa coñecida.
7. Acreditar con anterioridade á sinatura do convenio que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.
8. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola





- lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.
9. Deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención.
  10. Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no art. 37 de la LXS (Causas de reintegro).
  11. Autorizar ao Concello do Porriño a solicitar aos departamentos responsables, e comprobar de oficio, os datos e a documentación que se acredite que se estea ao corrente das súas obrigas Tributarias e fronte á seguridade social.

### ***TÍTULO III***

#### **DISPOSICIÓN PARTICULARES.**

##### **ARTIGO 3. Relacións laborais.**

O Círculo será responsable da relación laboral do persoal que contrate para a realización do proxecto. Así mesmo, deberá cumprir coa normativa vixente en materia laboral e fiscal. En ningún caso as persoas que integren o persoal da entidade, calquera que sexa a súa categoría, terá vínculo laboral co Concello por dito concepto.

O concello poderá esixirlle ao beneficiario , si así o considerase oportuno, as xustificacións de estar cumprindo dita normativa.

##### **ARTIGO 4. Difusión do acordo.**

O Círculo fará constar do xeito máis amplo posible a colaboración existente por parte deste Concello, citando en carteis, edicións ou calquera medio de difusión o acordo con esta institución.

##### **ARTIGO 5. Seguros civís .**

A entidade queda na obriga, de ser necesario, de ter os seguros civís que esixa a normativa vixente. O concello poderá facer as comprobacións que considere necesarias a este respecto e solicitar copia de ditos documentos.

### ***TÍTULO IV***

#### **GASTOS SUBVENCIONABLES, IMPORTE, IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA, XUSTIFICACIÓN E PAGO.**

##### **ARTIGO 6. Gastos subvencionables.**

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, e se





realicen no prazo establecido no presente convenio. Para isto a xustificación presentada pola entidade corresponderáse con facturas derivadas do desenvolvemento das actividades culturais suxeitas ao presente convenio na que poderá incluírse ata un 25% do importe total subvencionado en gastos derivados do normal funcionamento da entidade e necesarios para o correcto desenvolvemento das actividades culturais (teléfono, alugueres, material funxible, etc).

Os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto ou actividade subvencionada e os de administración específicos, son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) os xuros debedores das contas bancarias
- b) xuros, recargos e sancións administrativas e penais
- c) os gastos de procedementos xudiciais
- d) os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) impostos persoais sobre a renda

En ningún caso serán subvencionables os gastos de funcionamento que teñan carácter de investimento.

Segundo o establecido no art. 31.2 de la Lei Xeral de Subvencións, considerarase gasto realizado o que fose efectivamente pagado con anterioridade ao remate do período de xustificación.

#### **ARTIGO 7.- Importe e imputación orzamentaria.**

O Concello comprométese a conceder directamente ao Círculo unha subvención por importe de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria nominativa 334.4800001 do vixente orzamento municipal.

#### **ARTIGO 8. Xustificación.**

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención, documentarase a través da rendición da **conta xustificativa**, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquer outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A data límite para a presentación da conta xustificativa será a do día **5 de decembro de 2024. Non obstante, poderá ser presentada en calquera momento, unha vez rematadas as actividades obxecto de subvención.**

**De conformidade co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, toda a documentación deberá presentarse a través de medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello.**





A conta xustificativa estará formada pola Memoria Económica e a Memoria de Actuacións seguindo o esquema que se indica:

**A) Memoria económica:**

1. Escrito de presentación da conta xustificativa e relación exhaustiva das facturas que se acompañan, detallando, provedor, nº de factura, data, concepto e importe con suma total final correspondentes aos gastos culturais e, por outra banda, relación exhaustiva das facturas que se acompañan, detallando, provedor, nº de factura, data, concepto e importe con suma total final correspondentes aos gastos de mantemento.

2. Documentación acreditativa do pago efectivo de cada unha das facturas aportadas na conta xustificativa.

**Contido das facturas.** O contido das facturas axustarase ao establecido no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e entre outros conterá:

- a) Número, e no seu caso serie da factura.
- b) Data e lugar de expedición do documento.
- c) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir a factura como o do destinatario das operacións.
- d) Número de Identificación Fiscal atribuído pola Administración tributaria española ou, no seu caso, pola de outro estado membro da Unión Europea que realiza a operación o obrigado á expedición da factura. Así mesmo o Número de Identificación Fiscal do destinatario.
- e) Domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
- f) Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base impositiva do Imposto e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no mencionado prezo unitario.

**Documentación acreditativa do pago:**

Consistirá na aportación, xunto con cada factura, de copia da transferencia bancaria efectuada, ou pago con tarxeta que serán os únicos sistemas admitidos mediante o presente convenio. Non se admitirán en ningún caso os pagos en efectivo.

3. Presentaranse certificados actualizados da inexistencia de débedas tributarias coa AEAT, seguridade social e ATRIGA (Xunta de Galicia). Estes certificados teñen unha validez de seis meses, ou ben, farase a consulta da situación tributaria e seguridade social polo propio Concello, autorizándose coa sinatura do presente convenio para a consulta de ditas bases de datos.

4.- Deberase achegar escrito no que se certifique que ditas facturas non foron entregadas en ningún organismo oficial de cara a obtención de





novas subvencións e que as mesmas soamente foron entregadas no Concello do Porriño.

5.- Deberá achegarse copia de toda a publicidade xerada na que conste o patrocinio do Concello no desenvolvemento das accións obxecto de subvención.

### **B) Memoria de actuacións:**

Relación das actividades culturais desenvolvidas con cargo ao presente convenio de colaboración podendo achegar toda aquela documentación que acredite a súa realización (carteis publicitarios, reportaxes fotográficos, etc.)

### **ARTIGO 9. Pago.**

Antes de proceder ao pagamento da subvención, o beneficiario deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, ben presentando os correspondentes certificados ou ben solicitando e autorizando ao Concello para realizar dita consulta nas bases de datos de cada un dos organismos. Asimesmo presentará declaración responsable de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, ao abeiro do artigo 31.7.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

a) Á sinatura do convenio realizaráse un pago anticipado do 80% do importe total subvencionado que supón a cantidade de 16.000 euros, que suporá unha entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Esta porcentaxe está dentro dos límites establecidos para esta modalidade de pagos nas bases de execución orzamentaria municipal.

Este pago anticipado efectuado sobre o importe total subvencionado, abonaráse a petición da entidade, mediante solicitude presentada no Concello achegando unha declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias sinaladas no artigo 34 da Lei 38/2003 LXS.

Non se establece ningún réxime de garantías respecto a este pago a conta.

b) O importe restante de 4.000 euros (20%) abonarase unha vez presentada por parte da entidade a conta xustificativa comprensiva da totalidade do importe subvencionado, fiscalizada polo servizo de Intervención e debidamente aprobada polo órgano competente.

## **TÍTULO V**

### **COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO**

#### **ARTIGO 10.- Comisión Mixta.**





Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na aplicación do contido do Convenio, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento do convenio composta por dous representantes da Entidade beneficiaria da subvención e dous representantes municipais, actuando como presidente da mesma o alcalde-presidente. Esta comisión será a encargada de resolver os problemas de interpretación e cumprimento que se poideran plantexar durante o desenvolvemento do convenio.

## **TÍTULO VI**

### **PROCEDEMENTO DE REINTEGRO**

#### **ARTIGO 11. Reintegro.**

O órgano que concede será o competente para esixir do beneficiario o reintegro de subvencións cando aprecie a existencia dalgún dos supostos de reintegro de cantidades percibidas establecidos no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións o polo incumprimento dalgún dos artigos do presente convenio. A devolución de cantidades axustarase ao procedemento establecido no artigo 42 de dita Lei.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de doce meses dende a data do acordo de iniciación.

Prescribirá aos catro anos o dereito da Administración a recoñecer ou liquidar o reintegro, computándose segundo o establecido no art. 39.2 da LXS.

## **TÍTULO VII**

### **INFRACCIÓN E SANCIÓN ADMINISTRATIVAS.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR**

#### **ARTIGO 12. Infraccións e Sancións.**

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

Atenderáse en canto a tipificación e procedemento ao previsto no título IV da citada lei.

No caso de incumprimento por parte da asociación dos artigos deste convenio, por separado ou no seu conxunto, o Concello poderá rescindilo, esixindo no seu caso o reintegro da cantidade a conta recibida.

O alcalde-presidente,

O presidente,

**(asinado dixitalmente á marxe)**

**D. Abel Gallego Rodríguez**

